

I CONCURSO DE NADAL “ O NADAL NO NOSO CONCELLO”

O concello de Vilamartín de Valdeorras convoca o I CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL, con arreglo os seguintes apartados:

OBXECTO:

1. Os obxectivos do concurso son:
 - 1.1 Fomentar a participación da poboación no embelecemento dos núcleos de poboación do concello, durante as festas de nadal do 2023/2024, mediante a ornamentación de fiestras, balcóns, fachadas, rúas, prazas e barrios.
 - 1.2 Contribuir a creación dun ambiente de nadal, que aporte un entorno acolledor e ilusionante como imaxe do concello
 - 1.3 Dinamizar a participación activa das xentes do Concello de Vilamartín de Valdeorras, potenciar o tecido social e vecinal da cidadanía e promover a vida colectiva do barrio e a relación coa veciñanza.
 - 1.4 Fomentar a creatividade artística dos participantes

PARTICIPANTES:

1. Podrán participar todas aquelas personas que superen a maioría de idade con residencia no municipio de Vilamartín de Valdeorras, de maneira individual ou a través das Asociacións vecinais, que dispoñan de NIF e que contén cunha inscrición previa.
2. Os participantes serán os responsables do adecuado cumprimento das bases, e da realización dos trámites, permisos e medidas preventivas de calquera outra índole que puideran ser necesarias para a súa participación no concurso, eximindo o Concello de Vilamartín de Valdeorras de calquera responsabilidade polo seu incumplimento ou omisión

CATEGORÍAS E PREMIOS:

3. Establécese as seguintes categorías e premios:
 - 4.1. Categoría “Individual/Familiar”, que realicen unha montaxe decorativa no seu balcón, fiestra, porta exterior, fachada ou xardín particular exterior e visible na súa vivenda.
 - Único premio.....300e
 - 4.2. Categoría “Asociación de Veciños”, que decoren de maneira conxunta a fachada dos centros sociais correspondentes o seu núcleo de poboación, ou unha rúa ou praza, sempre cun proxecto decorativo en común.
 - Único premio.....500e
4. A dotación presupuestaria total para premios ascende a 800e, con cargo a aplicación respuestaria 338-480 do presuposto municipal vixente.
5. En ambas categorías, os participantes poderán optar a unha serie de agasallos de empresas colaboradoras co Concello de Vilamartín.
6. Os premios abonaránse mediante transferencia bancaria, previa comprobación de que o beneficiario atópase o corrente das obrigacións tributarias co Estado, Seguridade

Social e o propio Concello de Vilamartín de Valdeorras, comprometéndose a aportar os certificados correspondentes cando lle sexan requeridos, así como o número e xustificante de titularidade de conta bancaria. En ditos ingresos procederase a realizar as retencións fiscais marcadas pola lei.

INSCRIPCIÓN:

7. A inscrición dos participantes deberá realizarse mediante a presentación no rexistro do Concello de Vilamartín de Valdeorras, coa seguinte documentación: **Ficha de inscrición e Declaración responsable** (Anexo1) acompañado da **fotocopia do DNI** da persoa que represente o colectivo ou que se presente de maneira individual.
8. O prazo de inscrición queda aberto desde o día seguinte a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e finaliza o 11 de decembro do presente ano as 14:00.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:

9. A decoración deberá ter relación co Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os participantes liberdade plena en canto a materiais e técnicas decorativas, sempre que non causen ningún perigo ou prexuício para persoas ou bens, quedando totalmente prohibida a utilización de velas, antorchas, piroctenia e calquer outro elemento que puidera resultar perigoso.
10. A decoración deberá permanecer exposta dende o 22 de decembro do 2023 ata o 6 de xaneiro do vindeiro ano, ambos incluídos, e reunir as condicións necesarias de conservación, coidado e seguridade durante todo o período de exposición.
11. A decoración presentada non poderá modificarse, salvo causas de forza maior, deberá ser visible dende a vía pública e non causar molestia o vecindario ou os transeúntes, nin obstruír o tráfico de vehículos ou persoas.
12. A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos corresponde aos participantes. No caso de que, durante o período de exposición, se producise algún tipo de desperfecto de material que forme parte da decoración, este deberá ser reparado, substituído ou retirado polos participantes.
13. Unha vez finalizado a montaxe decorativa, todos os participantes inscritos deberán enviar fotografías do mesmo a dirección de correo electrónico: concellerías@vilamartindevaldeorras.es (máximo de tres fotografías). O prazo para enviar as fotografías finaliza o 15 de decembro ás 20:00h, pudiendo ser eliminados aqueles participantes que non cumpran este requisito. No correo indicárase a categoría a que se presentan, os datos persoais e a dirección da instalación.
14. Os participantes ceden os dereitos de imaxe remitidas o Concello de Vilamartín de Valdeorras para a súa publicación en medios de comunicación e redes sociais. Asimismo, autorizan a publicación do seu nome, apelidos e dirección da instalación si resultan gañadores.
15. A decoración debe ser retirada polos participantes entre os días 7 e 12 de xaneiro de 2024, deixando a vía pública en perfecto estado de acondicionamento, limpeza e ornato.

XURADO:

1. O Concello de Vilamartín de Valdeorras nomeará un Xurado calificador, integrado por

- entre 3 e 5 persoas con voz e voto, actuando de Secretario o mesmo do Concello de Vilamartín de Valdeorras, ou a persona na que delegue, o cal terá voz pero non voto e levantará acta do resultado.
2. O xurado valorará as decoracións presentadas o concurso, tendo en conta os seguintes criterios:
 - Creación artística: estética, creatividade, temática, orixinalidade, materiais utilizados e o deseño.
 - Esforzo e laboriosidade.
 - Adecuación coa imaxe xeneral do espazo onde está a instalación
 3. Cada membro do Xurado emitirá a súa valoración nunha acta de votación por categoría e o sistema de puntuación será o seguinte:
 - A puntuación asignada a cada participante será máximo 10 puntos e mínimo 5 puntos.
 - Cada membro do Xurado solo poderá otorgar a puntuación máxima de 10 puntos a un único participante de cada categoría. As puntuacións restantes, de 5 a 9 puntos, podrán repetirse varias veces.
 - Si algunha das actas de votación non cumpre as normas, esta, será considerada nula e non será contabilizada no recuento de puntuación.
 - Os premios estableceránse en función da maior puntuación obtida. No caso de empate, será designada a candidatura que máis número de veces obtivese a puntuación máxima (10 puntos). Si inda así continuase o empate, a designación corresponderá a aquela que obtivese máis 9 e así sucesivamente.
 4. O xurado emitirá o seu fallo inapelable antes do 29 de decembro de 2023, reflectíndose na acta correspondente. Formulado o seu fallo e emitida a acta, a competencia para o outorgamento do premio correspondo o Sr. Alcade do Concello de Vilamartín de Valdeorras.
 5. Unha vez emitido o fallo, o Concello de Vilamartín de Valdeorras contactará cos premiados (persona individual ou representante da asociación) con obxecto de que aporten a documentación requerida, tal como figura no Anexo I de esta convocatoria.
 6. O Concello de Vilamartín de Valdeorras poderá declarar deserto calquera dos premios establecidos, a proposta do xurado si se acordase por maioría.

DISPOSICIÓN FINAIS:

1. A participación implica a aceptación de esta convocatoria e calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización.
2. De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE VILAMARTIN DE VALDEORRAS, con dirección AVDA DA CONSTITUCION, 8, 32340 - VILAMARTIN DE VALDEORRAS (OURENSE); concello.vilamartin@eidolocal.es.
 - 1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE VILAMARTIN DE VALDEORRAS é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en concello.vilamartin@eidolocal.es.
 - 2.- finalidade do tratamento: Os datos serán empregados para inscribilo como participante no concurso de decoración de Nadal polo que cumprimenta a solicitude de inscrición.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de participar no concurso.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas deste concurso e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao inscribirse como participante do concurso, e polo que consinte e acepta as bases do mesmo.

4.-destinatarios de cesións Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos negociados do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, ONG´s...) colaboradoras do CONCELLO DE VILAMARTIN DE VALDEORRAS directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios de cada negociado.
- Concellos distintos do CONCELLO DE VILAMARTIN DE VALDEORRAS, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa Administración Pública Local.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xuridiccionáis, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza

5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

CONCELLO DE VILAMARTIN DE VALDEORRAS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en concello.vilamartin@eidolocal.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: www.aepd.es
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

ANEXO I –
FICHA DE INSCRIPCIÓN E DECLARACIÓN RESPONSABLE
I CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL “O NADAL NO NOSO
CONCELLO”

D/Dña.....,
con DNI, nº de teléfono..... e
domicilio en
C/, nº, piso.....,
Na localidade de, C.P.....
.....
Correo
electrónico.....
Actuando en nome propio ou en representación da Asociación
.....
..... con NIF

SOLICITA participar no I CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL “O NADAL NO NOSO CONCELLO”, na categoría:

- Individual /Familiar
 Asociación de Veciños

Coa montaxe da decoración de nadal que se instalará en na seguinte dirección:

.....
.....
..... Breve descripción da montaxe (materiales, elementos, zona onde se instalará,...):
.....
.....
.....
.....
.....
.....

ADXUNTA fotocopia do DNI e **DECLARA RESPONSABLEMENTE**:

1. Que os datos facilitados no presente anexo son certos.
2. No atoparme incurso/a en ningún dos supostos de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para a precepción de axudas ou subvencións públicas.
3. Que me atopo o corrente cás obrigacións tributarias co Estado, a Seguridade Social e o Concello de Vilamartín de Valdeorras, comprometéndome a presentar os certificados correspondentes cando me sexan requeridos, no caso de que resulte ganador de algún dos premios, así como, o correspondente número de conta e certificado de titularidade da mesma para o ingreso do premio.
4. A presente declaración outórgase exclusivamente a os efectos de participación e concesión, si corresponde, dos premios regulados na convocatoria do I CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL “O NADAL NO NOSO CONCELLO”

E para que conste, firmo en Vilamartín de Valdeorras, a de.....de 2023

Fdo.